


amencer



REAL SEMINARIO CONCILIAR DE STA. CATALINA - MONDOÑEDO (Lugo)

ANO XXIX - NÚMERO 213

abril - xuño 2011



ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE «AMENCER»
Socios protectores:



Teléfono 982 521 014
Bispo Sarminero, 35
MONDOÑEDO (Lugo)

RESTAURANTE
MONTERO

Estrada Nacional 634 - Km. 621
GOIRIZ -VILLABA (Lugo) - 982 511252



CONSTRUCCIONES
ISIDRO OTERO, S.L.

Avda. Buenos Aires, 58
27740 MONDOÑEDO (Lugo)
Telfs. 982 521 003 / 982 524 035
Fax 982 524 406
isidrootero@terra.es



secundino DOCAMPO s.l.

Teléfonos: 988 286 059 - 988 286 060 - 988 286 132
Fax: 988 286 060
Estrada Ourense - Lugo, km. 14

32102 - REAdegOS - Ourense

AMENCER

editan:
**REALSEMINARIO CONCILIAR
DE SANTA CATALINA e
ASOCIACION CULTURAL
AMIGOS DE «AMENCER»**

Praza do Seminario, 1
Apartado, 2
27740 - **MONDOÑEDO** (Lugo)

director:
DAVID MACHADO MONTERO, 4º ESO

subdirector:
ROBERTO GONZÁLEZ DOPICO, 3º ESO

redactor xefe:
MIGUEL ANGEL RUBAL PALACIOS, 4º ESO

consello de redacción
ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO
DAVID OTERO LÓPEZ, 3º ESO
LUIS TORREIRA GARCÍA, 2º ESO
MARC SILVA CELMA, 2º ESO
BRAULIO CASABELLA AMIEIRO, 1º ESO
JUAN JOSÉ MONTOUTO CHAVEZ, 1º ESO

profesores responsables:
OSCAR SANTIAGO SANMARTÍN
FÉLIX VILLARES MOUTEIRA

número 213
abril - xuño
2011

sumario

- . tapa: *homenaxe a*
Alvaro Cunqueiro
- . taboleiro, 1
- . a xeito de cancela, 2
- . Alvaro Cunqueiro: vida e obra, 3
- . falamos con...
Alicia Tella-Villamarín F., 17
- . follas novas, 27
- . loa de Otero Pedrayo, 29
- . colaboracións:
 - Ramón Loureiro,
Na biblioteca do Seminario,
a sombra de don Alvaro
sempre. 33
 - Enrique Cal Pardo,
Mis recuerdos de Alvaro
Cunqueiro, 35
 - Isidro Fernández Villalba,
Os cronistas da cidade de
Mondoñedo, 39
 - Félix Villares Mouteira,
A fe de Cunqueiro, 53
- . colaboraron, 32

depósito legal: LU -1609-82

www.mondonoferrol.org/amencer.htm

A XEITO DE CANCELA

Como de todos é sabido, neste ano de El Señor de 2011, cúmprese os cen anos do nacemento en Mondoñedo de Alvaro Cunqueiro. Ó longo de toda a xeografía galega e mesmo fóra de Galicia estánselle a tributar diversas homenaxes.

Nós tamén queremos unirnos e honrar a figura do gran fabulador mindoniense. Por iso, artellamos este número da nosa revista Amencer, que vai monograficamente dedicado á figura do escritor de Mondoñedo.

Desde a redacción de Amencer, temos que amosar a nosa máis fonda gratitude a todas aquelas persoas que nos axudaron e que fixeron posible que este número vexa a luz. Así graciñas a Xaquín Marín, que nos fixo a portada. Graciñas a Alicia Tella-Villamarín Ferreiro polo material que nos facilitou e por contestar ás nosas preguntas. Graciñas a Isidro Fernández Villalba e a Ramón Loureiro pola súas colaboracións e tamén polo material facilitado. Graciñas a don Enrique Cal Pardo polo seu traballo.

Graciñas, por último, ós socios da recién creada Asociación Cultural Amigos de «Amencer» que nos axuda economicamente e que, xunto coa Área de Cultura Da deputación Provincial de Lugo e co Ámbito Cultural de El Corte Inglés, fan posible a publicación de Amencer.

A todos o noso máis fondo e sincero agradecemento.

a redacción



XAIRO FORMOSO PENA, 3º ESO

Era unha vez un vello país situado no Fisterre de Europa. Un país cunha lingua de seu. Un país, como dixo Alvaro Cunqueiro, un dos seus fillos máis egregios, «dos dez mil ríos», «dos mil vales», «un país fermoso e eternamente verde».

Neste país, nun dos «mil vales», hai unha vella cidade: Mondoñedo, «cidade de Galicia sonada polos bispos e polo cabalar das San Lucas. É rica en pan, en augas e en Latín»¹.

Cidade de Mondoñedo, que varios poetas cantaron nos seus versos. Así o vate Manuel Leiras Pulpeiro escribiu:

*Cunquiña deleitosa,
onde todo frolece e todo medra;
recuncho que ós magoados dás refolgos
co incenso da maleza
e a sombra dos seus soutos caladiños
e a auga das súas fontes limpa e fresca.*

Pola súa banda, Enrique Chao Espina cantou así a Mondoñedo:

*Si entras vindo de Vilalba
neste Pobo clerical,*

1.- Álvaro Cunqueiro (1976), *Merlín e Familia*, 3ª edición, páxina 181

*voarás coma unha pomba
en espiral a baixar.
Á esquerda fican os Picos,
coma un balcón con saial,
que olla ó Campo dos Remedios
flor da Virxen que alí está.
Todo aquel cunco de casas
e rúas resoa ó pisar,
coma báculos de bispos
antergos na soedá.
Noutrora foi Raiña
dende o Padornelo ó mar.
Hoxe é velliña acougada
entre a friaxe invernal.*

(...)

Nesta vella cidade episcopal, berce de cregos e escritores, de músicos e artesáns, nace máis grande fabulador que Galicia tivo xamais: Álvaro Cunqueiro Mora.

Álvaro Cunqueiro, fillo predilecto da cidade de Mondoñedo, está a recibir ó longo deste ano moitas homenaxes, mesmo por aqueles que foron nalgún tempo os seus detractores. Neste ano 2011, de todos é sabido, que se cumpren os cen anos do seu nacemento na cidade mindoniense.

Ó longo deste ano, o mesmo que aconteceu en 1991 cando foi declarado *Ano de Cunqueiro* e cando lle adicaron o *Día das Letras Galegas*, está a haber diversos actos na súa memoria. Estes feitos veñen a ser o recoñecemento oficial ó inxente labor dun dos fillos deste vello país dos «*dez mil ríos*».

Alvaro Cunqueiro é un dos clásicos das nosas letras, é un símbolo que vai máis aló do seu tempo. É unha das grandes figuras das letras galegas e mesmo das letras hispánicas en canto que é tamén escritor en lingua castelá.

Hoxe en día a obra de Cunqueiro está a ser motivo de estudio en varias universidades de todo o mundo. Cunqueiro, a través da súa obra está a facer que a lingua galega dure «*mil primaveras máis*».



Rotulou:

. MIGUEL ANGEL RUBAL PALACIOS, 4º ESO

O 23 de decembro de 1911, en Mondoñedo, o silencio no que está mergullada a cidade é rachado polo toque a parto das campás da Catedral. Na casa do boticario, don Xoaquín Cunqueiro Montenegro, situada na rúa de Méndez Núñez (fronte da Fonte Vella), dona Xosefa Mora Moirón, a súa dona, está a da-la luz a un neno garrido ó que lle van poñer de nome Alvaro. *«Todavía en mi pueblo se dan las agonías por la campana ‘Petra’ de la Catedral, con señales que dicen si el moribundo es canónigo o simple clérigo, hombre o mujer, o niño. Varios toques han sido suprimidos; por ejemplo, el de parto. Se tocaba la ‘Petra’ para que los oyentes pidiesen que Dios concediese a la parturienta unha buena hora. Yo debo ser uno de los últimos mindonienses que a punto de salir del vientre de mi madre, le tocó la ‘Petra’ para que Dios me hiciese nacer sin dificultades. Llegó un obispo asturiano, don Juan José Solís, y suprimió este toque y se abrevió los de agonía»*². Segundo contan as crónicas da época, o neno, Alvaro Patricio, pesou sete libras e media e mediu vintedúas pulgadas. Don Xoaquín, o pai do neno, viñera de Cambados a establecerse coma boticario en Mondoñedo. Dona Xosefa era da casa dos Moirón de Cachán (Riotorto), en terras de Miranda.

O neno foi bautizado o vinte e sete de decembro na igrexa parroquial de Santiago de Mondoñedo polo cura Francisco Otero Caramés. Puxéronlle os nomes de Alvaro Patricio e foron padriños José Cunqueiro Montenegro e Eugenia Mora Moirón. Segundo consta no libro 40 de Bautizados da parroquia de Santiago Apóstol de Mondoñedo, no folio 223, o neno naceu á *«media hora de la mañana del día 23 en la calle Méndez Núñez»*.

2.- Álvaro Cunqueiro, «Repenique de campanas», en *Sábado Gráfico* (15-04-1978)

No Mondoñedo da segunda década do século XX, «unha vila rural chea de oficios» transcorre a nenez de Alvaro Cunqueiro. «*Eu tiven unha infancia dunha riqueza excepcional. Por exemplo, polas tardes, eu ía, co meu cacho de pan con queixo ou chocolate, merendar ó obradoiro de Pascual Freire, máis coñecido coma 'O Vendaval', para ver face-las cazolas e lérlle-lo periódico en voz alta ós que estaban alí. As veces incluso me deixaban facer unha cunca. Nunca souben por que o puñetero polgar se metía no barro e sempre acababa furándoo. Xa che digo, unha infancia moi feliz. Na miña casa amasábase, facíase pan para toda a semana. Iamos ó forno, porque sempre nos facían un boliño pequeno e gustábanos velo sacar. En fin, eu vin facer todo o que hoxe non se ve, todo iso o vin eu na miña infancia e recordalo prodúceme emoción*»³.

Tamén lembraba os paseos con seu pai polo campo: «*o meu pai era un bo botánico e un bo zoólogo, sobre todo un gran botánico. Ensinábame todo e aprendín deseguida. Eu sabía tódalas herbas do mundo. Pronto empecei a distinguir toda esa tribo mundial que dicía don Ramón Otero Pedrayo: o choupo, o amieiro, o salgueiro... Sabíao todo. Tamén os paxaros: se o que voaba era o merlo, se o que cantaba era o xilgaro ou o calambré. Ademais, na botica do meu pai, había un libro que me fascinaba. Alí viña en que época florecían os castiñeiros, os castiñeiros de indias, as clavelinas ... Foi unha infancia moi feliz*»⁴.



A. Cunqueiro de neno

Cando ten once anos comeza a estudia-lo bacharelato en Lugo,

3.- Carlos Casares, «Leria con Álvaro Cunqueiro», en *Grial* nº 72 (abril-xuño de 1981), páxina 205

4.- Carlos Casares, *Ídem*, páxina 203

primeiro, por libre, e despois, cando ten catorce anos, por ensino oficial. Daquela trasládase a Lugo coa súa nai e os seus irmáns. Máis tarde entrará interno nos Maristas. Polo tano, foi un dos poucos escritores, nacido no norte da provincia de Lugo, que non pasaron polas aulas do Seminario Santa Catarina. «*Nunca sentín a tentación do Seminario. O meu irmán pequeno, si, pero eu, non. E iso que D. Francisco Fanego, un gran latinista e íntimo amigo meu e de meus irmáns, quería que estudiasemos Latín con el. A súa cátedra estaba nos baixos do Seminario, xusto onde nos días de mercado poñían os feixes de palla e as aguilladas. Pasabamos por alí e pronto se oía a voz de don Francisco recitando uns versos en Latín. Todo isto, moi clásico e virxiliano, mesturado coa fala en galego. Don Francisco era colosal*».

Unha vez rematado o bacharelato, matriculouse no curso 1927-28 na Facultade de Filosofía e Letras, sección de Historia, da Universidade de Santiago, primeiro, como alumno libre e despois, como alumno oficial. En Santiago, reside nunha pousada na rúa Enseñanza, 11. Na mesma pousada está tamén Anxel Fole, a quen coñecera xa en Lugo.

«*Cunqueiro, como o seu amigo Fole, estaba en Santiago para estudar. Pero non podía axeitarse ó traballo dos textos nas horas de clase. O longo e chuvioso inverno do 1930 foi decisivo na súa vida, por amizades e por lecturas. Non bateu na Universidade con ninguén que tivera interese en lle ensinar. Pese a todo, estudiou moito ó seu xeito, e leu máis*»⁶.

Alí en Santiago forma parte dun grupo de intelectuais e artistas entre os que estaban García Sabell, Maside, Fole, Colmeiro, Martínez Barbeito e outros. participa activamente nas tertulias no Derby e no Español.

Álvaro Cunqueiro non chegou a remata-los estudos de Filosofía e Letras. «*Fracasou na andaina como estudante universitario, en parte por preguiza, e quizais por non ter á súa beira a ninguén que lle axudase a madurer*»⁷. Unha vez abandonados os estudos universitarios, Álvaro Cunqueiro adicárase ó xornalismo.


5.- Carlos Casares, *Ídem*, páxina 206

6.- F. Fernández del Riego (1991), *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, Vigo, páxina 40

7.- F. Fernández del Riego, *Ídem*, páxina 42

Militou nas Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista e fixo propaganda a prol do Estatuto de Autonomía.

A Guerra Civil tivo unha grande influencia na vida e na obra de Álvaro Cunqueiro. Cando empezou estaba en Mondoñedo e despois foi para



Debuxo de Cunqueiro nunha edición de *A Divina Comedia*, editada en 1868

Ortigueira onde conseguiu a axuda e protección do sacerdote Márquez Cortiñas que o levou como profesor de case todo nunha academia. Alí, por consello de Márquez Cortiñas, colaborou no semanario *Era Azul*. «A guerra civil torceu o seu destino. Inicialmente estaba consagrado ás Letras Galegas. As circunstancias da guerra forzárono a marcharse de aquí e seguir camiños diferentes e isto influíu, como é natural, na súa traxectoria vital. Despois volveu de novo ó seu carreiro das Letras Galegas»⁸.

En 1937 foi para Vigo e incorporouse á redacción de *El Pueblo Gallego*. De Vigo, en novembro de 1938, pasou a San Sebastián onde traballou como redactor en *La Voz de España* e como colaborador na revista *Vértice*. En 1939 foi para Madrid a traballar no xornal monárquico *ABC*.

Moitos artigos aparecidos despois da guerra en *ABC*, hai quen pensa -como Mercedes Brea e Xosé María Folgar- que se deben a un instinto de supervivencia en momentos difíciles. Outros -María Victoria Moreno e Xesús Rábade- cren que se debe a que «permeado polo triunfalismo poético das

8.- Declaracións de F. Fernández del Riego a *Amencer*, revista dos alumnos de EXB do Seminario Sta. Catalina de Mondoñedo, número 87, abril 1991, páxina 7

rosas e os luceiros da Falanxe, a causa do seu contacto cos homes de Vértice, respondeu así, efímera pero sinceramente, ó desenlace da guerra civil»9.

Ás doce da mañá do día dezaioito de decembro de 1940, Alvaro Cunqueiro casou con Elvira Josefa María de los Remedios González-Seco Seoane no oratorio privado que tiñan Ramona e Josefa Romero Gómez, nunha casa da rúa Bispo Sarmiento. Asistiu ó matrimonio o presbítero de Riotorto Patricio Moirón Agüera, con autorización do Cura de Santiago de Mondoñedo Manuel Lamas Lourido. Froito deste matrimonio foron dous fillos: Alvaro e César.¹⁰

Cando lle é retirado o carné de xornalista polo Director Xeral de Prensa, regresa á súa cidade natal. Desde 1947 a 1957, Álvaro Cunqueiro vive retirado en Mondoñedo, coma pechado en si mesmo. O seu amigo Fernández del Riego di: «¿Que facía daquela? Ler, escribir, racha-lo escrito. De vez en cando mandaba algún artigo ós xornais, uns itinerarios galegos, pouca cousa»¹¹.

Despois deste período, Cunqueiro establécese na cidade de Vigo. En 1959 ingresa na redacción de *El Faro de Vigo*, do que será director entre 1965 e 1970. En 1960 foi nomeado Cronista Oficial de Mondoñedo.

En 1961, Cunqueiro é elixido, por unanimidade, membro numerario da Real Academia Galega, ocupando o sillón número 31, que estaba vacante pola morte de Ramón Cabanillas. O día 21 de abril de 1963 tiña lugar, no Salón de Actos do Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo, a sesión académica do seu ingreso naquela institución. O seu discurso de ingreso, ó que repondeu o seu vello amigo Francisco Fernández del Riego, foi publicado co título de *Tesouros novos e vellos*. Cómpre sinalar que a mesa que estaba na presidencia do acto é a mesma que hoxe está na Aula *Losada Quiroga* do Seminario.

En 1968, Cunqueiro recibe unha homenaxe popular no seu Mondoñedo nativo. A corporación municipal acordou darlle á Fonte Vella o

9.- M^a Victoria Moreno e Xesús Rábade (19885), *Literatura século XX*, Madrid, páxina 225

10.- Arquivo parroquial de Santiago de Mondoñedo: Libro 16 de Casados, folio 16, n^o 29.

11.- F. Fernández del Riego, «A vida e a obra do gran fabulador», en *Grial* número 72 (abril-maio-xuño 1981), páxina 147

nome do escritor. Desde aquela chámase ‘Fonte Vella de Álvaro Cunqueiro’. O noso escritor agradeceu emocionado a homenaxe con estas palabras: *«Como o florentino Maquiavelo, eu levo esta fonte, esta auga cantigueira no meu corazón. É este o único motivo polo que podó considerar que merezo que se lle dea o meu nome á praza onde nacín e á fonte cuio canto me abalou»*.

No ano 1980, Cunqueiro vai ter varias homenaxes. A enfermidade xa fora minando a fortaleza do seu corpo. Así, o 28 de xaneiro foi investido coma Doutor Honoris Causa pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. *«Gracias moi especiais ó Rector Magnífico da Universidade de Santiago, que me honrou cun Doctorado Honoris causa, a min, un mal estudante, que non podía pensar na ciencia porque andaba cos petos cheos de versos, de moitas toleadas e ventadas na cabeza»*¹²

Outra homenaxe recibíraa en Vigo, en abril dese mesmo ano, cando se lle deu o seu nome a unha rúa da cidade olívica. No banquete que se celebrou, exaltouse a súa figura e a súa obra. Alí foi cando pronunciou as palabras que figuran na súa campa no vello cemiterio mindoniense: *«Se algún día despois de morto se quixese facer de min algunha louvanza, e eu estivese dando herbas á nosa terra, podería dicir na miña lápida: ‘aquí xace alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveiras máis»*.

O 25 de maio, día de Pentecostés, recibía na Casa da Matanza, en Padrón, o Pedrón de Ouro. Alí pronunciou un emocionado discurso no que, entre outras cousas, dixo: *«As miñas invencións e as miñas maxias teñen nembargantes un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo»*.

O pasamento de Álvaro Cunqueiro aconteceu en Vigo nas primeiras horas do día 28 de febreiro de 1981. O seu fillo César díxolles a dous rapaces de EXB do Seminario de Mondoñedo: *«O que máis me impresionou da vida de meu pai foi a serenidade coa que fixo o plantexamento cara á morte. El sabía que ía morrer e non falaba diso. Simplemente dicía: ‘Isto remata’*.

12.- Discurso na homenaxe en Vigo o 25 de abril de 1980

Facía a súa vida cotiá: lía libros, comentábaos... Sempre estivo optimista ata o final»¹³.

Os seus restos chegaron á praza da Catedral do seu Mondoñedo nativo ás once da mañá do 28 de febreiro e foron velados na casa dos seus irmáns Carmiña e Pepe. *«Aínda me lembro da chegada á vella Praza mindoniense da Catedral, sobre as once da mañá, do 28 de febreiro de 1981, da ambulancia cos seus restos mortais. Era unha mañá fría e chea de brétema. A Paula, a Ronda e a Prima, campás maiores da Catedral, laiábanse da perda do egregio fillo da cidade de San Rosende»¹⁴.*

O enterro tivo lugar o día 1 de marzo, día de San Rosende. Un día tristeiro, de chuvia e vento. O funeral tivo lugar na Igrexa de Santiago o día dous, luns. Os seus restos respousan no vello cemiterio mindoniense, onde agardan resurrección final.



Chegando ó Camposanto

13.- I. Lorenzo e Alfonso López, «Falamos con... César Cunqueiro», en *Amencer*, revista dos alumnos de EXB do Seminario Santa Catalina de Mondoñedo, nº 88, maio 1991, páxina 24.

14.- Félix Villares Mouteira, «Mil primaveras máis para a lingua galega», en *Amencer*, nº 171, abril-maio 2001, páxina 28.



Rotulou: GUILLERMO RUBAL POMBO, 4º ESO

Alvaro Cunqueiro é un escritor bilingüe: escribiu en galego e en castelán. Antes da guerra só publicou en galego e só publicou poesía. Despois da guerra é un escritor bilingüe. Publica en galego e verte ó castelán algunhas das obras escritas orixinalmente en galego. E publica en castelán, pero é curioso como non traduce ó galego ningunha obra escrita orixinariamente en castelán. Cunqueiro, despois da guerra, escribe fundamentalmente narrativa. O seu amigo de toda a vida, Francisco Fernández del Riego, tivo moito que ver no feito de que Cunqueiro escribise narrativa en galego. «*Eu fun o que influíu dun xeito decisivo para que escribise a obra narrativa en galego e fun pouco a pouco arrincándolle folios dese libro que se chama 'Merlín e familia' e tamén de 'As crónicas do Sochantre' e de 'Si o vello Sinbad volvese ás illas. Son tres obras fundamentais que el escribiu'*»¹⁵.

1. Cunqueiro, escritor en galego:

A obra de Álvaro Cunqueiro escrita en lingua galega, podemos dividila en tres seccións: Cunqueiro, poeta; Cunqueiro, narrador e Cunqueiro, autor teatral. Imos ver que obras corresponden a cada sección:

a) Cunqueiro, poeta:

Mar ao norde, Santiago, 1932¹⁶.

Cantiga nova que se chama riveira, Santiago, 1933.

Poemas do si e non, Lugo, 1933.

Dona do corpo delgado, Pontevedra, 1950.

15.- Declaracións a *Amencer*, número 87, abril 1991, páxinas 5-6.

16.- Na publicación de *Mar ao norde* tivo moito que ver un barbeiro-músico de Mondoñedo, Manuel Ledo Bermúdez, «O Pallarego», verdadeiro mecenas de escritores, que anticipou os cartos que custaba a edición, como fixera anos antes con *Señardá* de A. Iglesia Alvariño. A súa barbería -preto da Fonte Vella- era lugar de tertulias nas que participa o propio Cunqueiro e os, daquela, alumnos do Seminario Trapero Pardo, Iglesia Alvariño, Díaz Castro e outros.

Somas de craridades, A Coruña, 1977.

Herba aquí ou acolá, Vigo, 1980 (Nova edición en 1991).

b) Cunqueiro, narrador:

Merlín e familia e outras historias, Vigo, 1955.

As crónicas do Sochantre, Vigo, 1956.

Escola de menciñeiros e Fábula de varia xente, Vigo, 1960.

Si o vello Sinbad volvese ás illas, Vigo, 1961.

Tesouros novos e vellos, Vigo, 1964.

Xente de aquí e de acolá, Vigo, 1971.

Os outros feirantes, Vigo, 1979.

Laude de Camelia, Pontevedra, 1981.

c) Cunqueiro, autor teatral:

O Incerto señor don Hamlet, Príncipe de Dinamarca, Vigo, 1958.

Don Hamlet e tres pezas máis, Vigo, 1974. (As tres pezas son: *A noite vai coma un río*; *Palabras de víspera* e *Función de Romeo e Xulieta*).

En galego ten tamén unha obra escrita sobre a cociña do país, titulada *A Cociña Galega*, Vigo, 1973.

2. Cunqueiro, escritor en castelán:


Cunqueiro, por dereito propio, debe figurar cun posto importante dentro da literatura en lingua castelá. Velaquí a súa produción na lingua de Cervantes.

a) Poesía:

Elegías y canciones, Barcelona, 1940.

b) Narracións:

«Historia del Caballero Rafael» en *Vértice*, 1939.



Poema manuscrito

Balada de las damas del tiempo pasado, Madrid, 1945.

San Gonzalo, Madrid, 1945 (co pseudónimo Álvaro Labrada).

El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias, Madrid, 1956.

Merlín y familia, Barcelona, 1957.

Las crónicas del Sochantre, Barcelona, 1959.

Las Mocedades de Ulises, Barcelona, 1960.

Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas, Barcelona, 1962.

Flores del año mil y pico de ave, Barcelona, 1968.

Un hombre que se parecía a Orestes, Barcelona, 1969.

Historia del Ángel Adriel, guardián de la puerta sur del Paraiso, Vigo, 1970.

-
- Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*, Barcelona, 1972.
El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes, Barcelona, 1974.
La otra gente, Barcelona, 1975.
Tertulia de boticas prodigiosas y Escuela de curanderos, Barcelona, 1976.
Las historias gallegas de D. Álvaro Cunqueiro, Madrid, 1851.

c) Cunqueiro xornalista:

- El envés*, Barcelona, 1969.
Laberinto y cía, Barcelona, 1970.
El descanso del camellero, Barcelona, 1970.
Tesoros y otras magias, Barcelona, 1984.
Los otros caminos, Barcelona, 1988.
El pasajero en Galicia, Barcelona, 1989.

d) A cociña de Galicia:

- Teatro venatorio y coquitario gallego*, Vigo, 1958. (obra escrita en colaboración con X. M^a Castroviejo).
Viaje por los montes y chimeneas de Galicia. Caza y cocina gallegas, Madrid, 1962 (colaborou tamén Castroviejo).
Pesca y conservas. Itinerarios gastronómicos de la provincia de Pontevedra, Vigo, 1964.
La cocina cristiana de Occidente, Barcelona, 1969.
La cocina gallega, (en colaboración con Araceli Filgueira), León, 1982.

e) Cunqueiro e as terras de Galicia:

- Vigo, puerta del Atlántico*, Madrid, 1957.
Rutas de España. Ruta nº 12. La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Madrid, 1962.
El Camino de Santiago, Vigo, 1965.
Lugo, León, 1968.
Pontevedra. Rías Bajas, León, 1969.
Vigo y su ría, León, 1971.

Rías Bajas Gallegas, León, 1975.

Ollar Galicia, Barcelona, 1982. (Deste libro hai dúas edicións: unha, co texto en galego e outra, en castelán).



Rotulou:

XAIRO FORMOSO PENA, 3º ESO

Ó longo da súa vida recibiu varios premios, aínda que todo hai que dicilo, mentres viviu non tivo o recoñecemento que coidamos merecía porque Cunqueiro que é un creador intemporal, puramente estético, autónomo, non utiliza a súa obra literaria coma unha arma reivindicativa. Non segue a tradición denunciadora dunha parte da poesía galega. Cunqueiro non é un escritor social e político. El, en palabras súas, foi «*un fabulador vagabundo, soñador de historias, propio doutro século, onde puidera ir cantando cunha viola polas feiras adiante*».

Entre outros premios recibiu: o Vicente Gil, o Nacional da Crítica, o Valle Inclán de teatro galego, o Premio da Crítica Galega, o Nadal, a investidura de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago, o Pedrón de Ouro, e, de novo, o Premio da Crítica.

A mellor homenaxe que os galegos lle podemos facer a Álvaro Cunqueiro, neste ano en que celebrámos os cen anos do seu nacemento, é ler os seus libros. ¡Que a cada fogar galego chegue, polo menos, un libro de Cunqueiro escrito na lingua de Rosalía, para que así a lingua galega dure mil primaveras máis!

Este texto foi feito polos alumnos de 4º de ESO:

- . Alvaro Barrera Rubiños
- . David Machado Montero
- . Miguel Angel Rubal Palacios
- . Guillermo Rubal Pombo

baixo a dirección do profesor de Lingua e Literatura Galegas.



Rotulou:

ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO

Alicia Tella-Villamarín Ferreiro

«Alvaro tiña don de xentes e gustáballe falar con todas as persoas coas que se encontraba pola rúa»

«Para saborear a obra de Alvaro tiven que lela dúas ou tres veces e moi despacio, para disfrutala páxina a páxina, porque a acción das súas novelas aparece á velocidade do lóstrego».

Alicia Tella-Villamarín Ferreiro

tivo moita relación con Alvaro Cunqueiro e coa súa familia. Por iso nos pareceu interesante conversar con ela para achegarnos máis á figura do escritor mindoniense.



- ¿Que relación tivo vostede con Alvaro Cunqueiro?

- A miña relación con Alvaro foi moi cercana, eu tiña quince anos cando miña tía Alicia casa co seu irmán Pepe, un matrimonio que só durou vinte meses, ao falecer a miña tía no parto, esta morte afectoume moito porque tiña por ela un cariño especial.

A miña relación con Alvaro foi moi cercana, eu tiña quince anos cando miña tía Alicia casa co seu irmán Pepe

Antes de casar vivimos as dúas cos nosos tíos, don José Villamarín e dona. Alicia Taladrid, persoas de grandes valores pero que me infundían gran respecto. Con esta morte encontreime totalmente orfa e, por iso, sempre que podía, íame para casa de Carmiña onde encontraba o que necesitaba: chorar, rir, falar, todo e aí tamén estaba Alvaro ás veces, non sempre.

- ¿Como era Cunqueiro?

- Cariñoso, caseiro, xeneroso. Antes de instalarse en Vigo definitivamente, vivíu uns

anos en Mondoñedo en compañía da súa irmá Carmen e do seu irmán Pepe, non sei cantos, porque eran anos onde eu estaba estudando en Lugo e cando viña de vacacións ía pola casa de Abaixo (a casa de Carmiña) sempre que podía, antes de comer. Os costumes de Alvaro eran escribir no segundo piso, onde tiña a súa habitación na parte de atrás mirando para o bosque de Silva. A media mañá tiña o costume de baixar á cociña, levantaba a tapa das potas e interesábase polo que estaba cociñando Carmen, dando sempre alguna sentencia; ao rato dicía que ía a terminar os artigos que enviaba á prensa, levalos ao correo e dar un paseo polas rúas ou polo Cantón cos seus amigos Juanito Mon e Ramón Cabanela.

Nas épocas de matanza, xa en Vigo, viña sempre que podía. Á media tarde cando estábamos preparando a zorza e os roxós sempre viña pola cociña a botar unha ollada e preguntáballe á irmá "Carmen ¿botáchelle as mazás aos roxóns?" e miraba a pota grande de ferro onde se estaban xa facendo con catro ou cinco mazás grandes.

Outra pregunta que facía sempre "¿Mandácheslle a Elvira (a súa muller) a proba do cocho?". Saboreaba o calor da súa familia, foron tres irmáns que se quixeron moito e se apoiaron sempre mutuamente.

- ¿Que destacaría da súa personalidade?

- Alvaro era unha persoa afable, como xa dixen, xeneroso, que xa se decataba un

Os costumes de Alvaro eran escribir no segundo piso, onde tiña a súa habitación na parte de atrás mirando para o bosque de Silva

Saboreaba o calor da súa familia

ao falar con el. Tiña don de xentes e gustáballe falar con todas as persoas coas que se encontraba pola rúa.

*Segundo
Carmiña, foi
moi bo lector*

- ¿Que afeccións tiña?

- Segundo Carmiña, foi moi bo lector; tiveron o privilexio que os seus pais se preocuparan de que eles dispuxeran sempre de libros para ler e coido que a afección de escribir tívoo dende sempre ata chegar a ser a súa gran vocación.



Diante da Catedral o día 21-04-1963

*Foi criado en
familia relixiosa*

- ¿Era relixioso?

- Non sei que contestar a iso. Foi criado en familia relixiosa e se nos fixamos soamente no texto de "Mil primaveiras máis para Galicia" comeza con "Louvado seña Deus por que me permitiu nacer, medrar,..."

Gracias a Deus por este Reino... Louvado seña Deus por terme dado o don da fala nosa..." e termina tamén dando "gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós..."

Sinte no seu corazón esa fermosura que nos rodea e dálle grandeza con ese agradecemento a Deus que supoño sería a plenitude do seu sentir.

Na habitación de Alvaro aquí en Mondoñedo, que eu conservo, na cabeceira da súa cama había unha virxe pequeniña que descansa nunha peana e alí había un libriño pequeno de Evanxeos, así como unha Biblia asinada por el.

-¿Cales foron as persoas que máis influiron en Cunqueiro e nas súas obras?

- Seus pais, persoas cultas, que lle ofreceron unha infancia feliz, libros para ler. Un pai farmacéutico que lle ensinou a coñecer a natureza, as prantas medicinais, os paxaros e os seus costumes, a picaresca dos paisanos que pasaban pola farmacia en busca dalgún preparado que facía D. Joaquín, porque entón gran parte das medicinas facíanse nas farmacias. De feito, Carmiña cando eu tiven un gatiño enfermo do melón, díxome "fai unha pasta lixeira con azufre e aceite e úntalle onde lle falte o pelo". Meu dito meu feito, aos catro días xa empezou a saírlle.

Foi unha infancia feliz no inverno ao carón da cociña, con súa nai Dna. Pepita e Encarnación que lles contaban contos de bruxas e aventuras. Xa que a súa nai tamén tiña unha

Sinte no seu corazón esa fermosura que nos rodea e dálle grandeza con ese agradecemento a Deus que supoño sería a plenitude do seu sentir

gran imaxinación, aínda que Encarnación tampouco quedaba atrás, tamén contaba moitos contos de tesouros escondidos. Como todo o inventaban, cando repetían e se equivocaban montaban unha grande algarabía "non é así, non é así" tenme contado Carmiña.

Gústame ter un recordo para Encarnación e Totoná, dúas muchachas da familia que eran como membros da mesma, axudándolle a Carmiña a saír a diante cando morre a súa nai, dona Pepita. As dúas morren na casa, aínda puideron coñecer a Totoná e ver o cariño como foi cuidada ata os seus últimos días.

Carmiña ocupa o lugar da súa nai falecida, foi a persoa que estivo sempre ao seu lado e ao de Pepe, vivindo unicamente para eles

- ¿Cal foi a influencia de Carmiña, súa irmá, tanto na vida como na obra do escritor mindoniense?

- Carmiña ocupa o lugar da súa nai falecida, foi a persoa que estivo sempre ao seu lado e ao de Pepe, vivindo unicamente para eles. Tivo influencia na súa vida porque sempre estivo aí cando a necesitou, en todos os momentos da súa vida, felices e menos felices, ata a última hora cando morre en Vigo, aí está Carmiña, que dende que empezou a faltarlle a saúde pasaba grandes tempadas nesta cidade. E se lle deu cariño e tranquilidade, indirectamente axudoulle a escribir.

- ¿Qué era o que máis inspiraba a Cunqueiro á hora de escribir?

- Todo o que o rodeou, como se pode apreciar en toda a súa obra. Foi un gran lector, tivo unha gran memoria e unha gran fan-

tasía que, por sorte, soubo aproveitar facendo del o extraordinario escritor recoñecido ao fin como un "PREMIO NOBEL" de boca en boca, aínda que a súa prematura morte non nos permitiu chegar a ver esa realidade que tiña merecida.

- ¿Mondoñedo influíu na obra de Cunqueiro? ¿Por que?

- Si, tivo moita influencia polo que antes comentei, os pais que tivo. Viviu unha nenez daquela época onde os divertimentos eran na rúa xogando a mil cousas, con correrías por aquí e por acolá, soubo escoitar aos paxaros, soubo ulir os perfumes da terra, as vivencias da farmacia do seu pai e da barbería do Pallarego.

Tamén a casa dos seus primos de Cachán en Riotorto tivo moita influencia na súa obra "Merlín e familia". Ían á casa dos seus primos José María Moirón e Cándida Cabanas pola festa de Santa Isabel, pasando alí un tempo e creo que tamén pola época das castañas. Carmiña tenme contado a gran ilusión que lles facía cando aparecía o seu primo José María a buscalos, facendo a viaxe a cabalo; estas viaxes e vacacións foron lembrados toda a vida polos tres irmáns e deixaron en Alvaro vivencias para escribir o seu Merlín tan disparado en imaxinación.

- De todas as obras literarias de Alvaro Cunqueiro ¿cal é a que máis lle gusta? ¿Por qué?

Soubo escoitar aos paxaros, soubo ulir os perfumes da terra, as vivencias da farmacia do seu pai e da barbería do Pallarego

- *Disfrutei coa súa poesía, con "Merlín e familia", coas "Crónicas do Sochantre", con "Xente de aquí e acolá", "Os outros feirantes", estas dúas últimas de personaxes reais extraordinariamente fantaseados.*

Cando se lle ían terminando dicíame Pepe, "de parte de Alvaro que se lle están acabando as mazás" e entón preparáballe unha caixa de mazás moi escollidas

Para saborear a obra de Alvaro tiven que lela dúas ou tres veces e moi despacio, para disfrutala páxina a páxina, porque a acción das súas novelas aparece á velocidade do lóstrego, tanto a presenta no río Azúmara como percorre Galicia ou a situa en Irlanda, cunha rapidez de pensamento único.

- Vostede mandáballe mazás a Cunqueiro cando estaba en Vigo porque sempre as tiña na súa habitación ¿Por qué?

Gustábanlle as mazás para comelas e polo seu recendo

- Había o costume que cando Carmiña facía unas deliciosas cañas ou alguna outra cousa rica mandábanos a proba, nosoutros na finca da Brava tiñamos unha gran selección de mazás e ían para casa de Carmiña e de aí para Vigo. Cando se lle ían terminando dicíame Pepe, "de parte de Alvaro que se lle están acabando as mazás" e entón preparáballe unha caixa de mazás moi escollidas, ás que a veces ata lle sacaba brillo para que fosen máis guapas. Hoxe só quedan tres maceiras daquela época, pero si lembro perfectamente as que seleccionaba para el, polo menos sete clases diferentes; pero as que para min eran as raíñas da caixa eran as chamadas Pero Mingan (repinaldos) e Verde Helada, que por fóra era verde coma os campos agora na primavera e por dentro branco como o mármore, de sabor

agridoce. Gustábanlle as mazás para comelas e polo seu recendo.

- ¿Cómo lembra hoxe a Alvaro Cunqueiro?

- Como unha persoa que me quería. En boas situacións económicas ou non, sempre tivo algún agasallo para min; cando empezaron a vir os primeiros paraugas pregables regaloume un de cor verde que me fixo moita ilusión e duroume moito tempo. Cando foi a Arxentina a dar unas conferencias tróuxome un bonito broche que aínda conservo con moita estima.

Lembro a súa memoria sempre que poido deixándolle na súa sepultura unha flor fresca do noso xardín polo cariño que me deu nalgún momento.

Lembro a súa memoria sempre que poido deixándolle na súa sepultura unha flor fresca



Con seus irmáns e outros parentes en Riotorto

- ¿Lembra alguna anécdota de Cunqueiro? ¿Cal?

Contaba Carmiña que lle gustou escribir dende pequeno

- Contaba Carmiña que lle gustou escribir dende pequeno, referíndose a un día que a súa nai chamaba por Alvarito e non contestaba, encontrándose escribindo nun papel no fondo da escaleira, ao reprocharlle a súa nai por que non contestaba, el díxolle "non podía estaba escribindo".

Cando lía Alvaro a prensa aos clientes da barbería, léalles o que os paisanos querían escoitar, non o que poñía o periódico, incluso inventaba cousas de polo mundo, amañando as guerras ou a política como lle parecía

Sendo eu unha adolescente fíxome crer que na carretera do Carmen aterrizará un avión, o motivo do por que este aterraxe non o lembro, pero tal era o seu poder de convicción que tardei un pouco en ver que era un imposible.


Da barbería do Pallarego dinse moitas, a que lle facía moita gracia contar a Carmiña era cando lía Alvaro a prensa aos clientes da barbería, léalles o que os paisanos querían escoitar, non o que poñía o periódico, incluso inventaba cousas de polo mundo, amañando as guerras ou a política como lle parecía.

Por último, quixera ter unha lembranza para Carmiña, se ela se dedicara a escribir tiña a memoria e a fantasía de Alvaro, foi moi boa lectora e a súa conversa era culta e fantasiosa. Ir con ela de viaxe era un pracer, temos ido a Lugo nesta época que están as xestas e os toxos tan insultantes de cor, no outono cando a cor do campo é inigualable e sinto pena de non recordar esas conversas sobre a natureza coas súas palabras.

Escolleron as preguntas:

BRAULIO CASABELLA AMIEIRO, 1º ESO

JACOBO CHAO LOMBARDERO, 1º ESO



Rotulou:

DAVID MACHADO MONTERO, 4º ESO

A CUNQUEIRO

Dicen
que Cunqueiro
está de centenario
do seu nacemento en Mondoñedo.

Pro ti e mais eu
non tiñamos a certeza
de si se ía ou non celebrar
a festa do seu nacemento.

Non foi
tan doado
comezar a estudar
a súa biografía
e redactala
para a revista Amencer



Cunqueiro cando era novo

DAVID MACHADO MONTERO, 4º ESO

HOMENAXE

Din
que Alvaro Cunqueiro
foi un home de letras
que amou coma ninguén
a lingua galega.

Pro ti e mais eu, miña amada,
non somos máis
que dous imitadores
deste vello escritor mindoniense.

Non foi tan doado
ser escritor galego
naquel tempo,
debido a que,
se te ías da lingua,
podías acabar entre reixas.

MIGUEL A. RUBAL PALACIOS, 4º ESO

GABANZA

Din
que Alvaro Cunqueiro
era un gran escritor
e tamén unha gran persoa.

Din que
se inspiraba en Mondoñedo
para escribir
os seus libros.

Pro ti e mais eu,
miña amiga,
sabemos que non só
se inspiraba
nas terras mindonienses
senón tamén
nas súas xentes.

ALVARO BARRERA RUBIÑOS, 4º ESO

LOA**A**

Din
que Alvaro Cunqueiro
naceu en Mondoñedo
á beira da Fonte Vella.

C

Pro ti e mais eu, miña amada,
tamén nacemos
na vella cidade episcopal.

U

Non foi tan doado, naquel
tempo,
escribir en galego
e facer que Galicia
dure «mil primaveras máis».

N**Q****E****R****O**

GUILLERMO RUBAL POMBO, 4º ESO



Debuxo
BRUNO ESTEVES FERNANDEZ, 3º ESO



Rotulou:

ADRIÁN CARBALLEIRA MONTENEGRO, 2º ESO

En xaneiro de 1969 fóralle concedido a Álvaro Cunqueiro o premio Nadal pola novela Un ahombre que se parecía a Orestes. Co gallo deste importante e prestixioso premio, don Francisco Fanego Losada, profesor tantos anos de Latín no noso Seminario Santa Catarina de Mondoñedo e amigo do escritor, compuxera unha poesía en latín loando ó gran fabulador de Mondoñedo. Esta poesía foi impresa nun tarxetón, que don Francisco distribuía entre os seus amigos. Cómpre sinalar que don Francisco foi un dos profesores -así o recoñeceron e recoñecen moitos- que impulsou e deu azos ós alumnos do Seminario para que escribisen os seus poemas.

Don Francisco Fanego envioulle unha das tarxetas co texto en latín a don Ramón Otero Pedrayo. Nesta carta, que reproducimos a continuación, aparece unha loanza ó texto do profesor Fanego e tamén ó libro de Alvaro Cunqueiro. Coidamos que é un documento interesante e que merece a pena dar á luz.

Orense, Domingo de Pasqua de 1969

U. F. Sr. Francisco Faneos Zasade
Montoriocho

Muy respetado y querido Señor y amigo: En el mejor marmol de San. Domingos debia ser abierta la dedicacion y voto, formado por Ud. en grave y so-
nante latin, a la honra y gloria de nuestro Utrano Comquero. El espi-
ritito decisorio, el desarrollo ritual de la frase, la belleza de
las palabras frente a la recua y portales con el antiguo vino de los e-
celebrando a Kavitaros. Se piensa en aquellos grandes maestros
latinos del Renacimiento. El libro de Comquero, bello y origi-
nal lo merece. Hay y hubo siempre un sentido de admira-
cion de los grandes mitos. Se quiere reflejar como en Ugethe.
Su majestad y pura estética. Algunos, como Juan Cue-
teau, los adaptan a la vida de hoy. Puede salir una obra
maestra o una "chafallada": Creo que Comquero. Que

No de una elegantísima y flexible pluma, he cumplido algo abro-
 lamente mero; he querido termina, bombal, debilidad humana
 a los trapios caracteres y hecho trutar todas humildes, de D.
 Amos deán, en los corarones de bruce..

Por aquí seguimos trabajando en nuestras cosas. Gracias a Se-
 ñor he salido del invierno sin una hora de neq.

Le comunico y saludo para Vd. y de Sra hermana, de parte de
 mi mujer a tu yo me uno "ex corde". Como igualmente van así.
 Las líneas recuertas para te afectuosa viviente de Vds.

Veremos si pronto te puedo mandar un librito. Y entre tan-
 to recibe y otros cariñosos, de tu viejo amigo y D.

9.6.5. m.

Ramon Otero Pedrayo

TRANSCRICION DA CARTA DE
DON RAMÓN OTERO PEDRAYO

Orense, Domingo de Pascua de 1969

M. Y. Sr. Dn. Francisco Fanego Losada
Mondoñedo

Muy respetado y querido Señor y amigo: En el mejor mármol de Sasdónigas debía ser abierta la dedicación y voto, formado por Vd. en grave y sonante latín, a la honra y gloria de nuestro Alvaro Cunqueiro. El espíritu y ¡hasta los ojos! se recrea y fortalece con el antiguo vino de los epítetos decisivos, el desarrollo ritual de la frase, la belleza de las palabras fragantes y laureles inmarchitos. Es Vd. como Vives celebrando a Garcilaso. Se piensa en aquellos maestros latinos del Renacimiento. El libro de Cunqueiro, bello y original lo merece. Hay y hubo siempre un sentido de admiración de los grandes mitos. Se quiere reflejar como en Goethe su majestad y pureza estética. Algunos, como Juan Cocteau los adaptan a la vida de hoy. Puede salir una obra o una «chafallada». Creo que Cunqueiro, dueño de una elegantísima y flexible prosa, ha cumplido algo absolutamente nuevo: ha llevado ternura, bondad, debilidad humana a los trágicos caracteres y hecho brotar rosas humildes, de todos los días, en los corazones de bronce.

Por aquí seguimos trabajando en nuestras cosas. Gracias al Señor he salido del invierno sin una hora de mal.

Le comunico el saludo para Vd. y su Sra hermana, de parte de mi mujer al que yo me uno «ex corde». Como igualmente van en estas líneas recuerdos para la afectuosa sirvienta de Vds.

Veremos si pronto le puedo mandar un librito. Y entre tanto reciba el abrazo cordialísimo, de su viejo amigo y s. s.

d. b. s. m.

Ramón Otero Pedrayo
(rubricado)



Rotulou:

JUAN JOSÉ MONTOUTO CHAVEZ, 1º ESO

Na biblioteca do Seminario, a sombra de Don Álvaro sempre

O fenómeno está máis que estudado, ademais de comentado repetidamente. Pero, aínda así, se cadra non estará de máis sublimar hoxe que, conforme o tempo pasa -e síntome en condicións de asegurar que en efecto marcha a maior velocidade da desexable-, un vai aprendendo a recoñer o verdadeiro rostro dun escritor a través das súas lecturas. Dunhas lecturas (mellor digamos relecturas, claro) que se volven distintas cando un retorna a elas cunha certa idade. A min, por exemplo, e ídesme desculpar que diga isto sen me poñer colorado, cada vez que volvo ás impagables páxinas do Quixote fáiseme un pouco máis familiar aínda o rostro de Cervantes. E con Cunqueiro ocrórreme outro tanto.

É certo que, a diferenza do que sucede co heroe de Lepanto, de Don Álvaro conservamos un gran número de fotografías (eu, postos a conservar, ata teño del unha garavata azul con raias brancas, que me regalaron). Pero as fotografías, incluso sendo unha representación da realidade que pode chegar a habitar esa forma superior da verdade que é a poesía, non son, no máis estricto sentido do termo, a realidade mesma.

Por iso estou tan convencido de que para ver o verdadeiro rostro de Cunqueiro hai que volver unha vez e outra aos seus libros, esa fonte de prodixios inesgotable. E a ser posible, ademais, retornar a Mondoñedo con frecuencia, porque alí está a orixe do seu case infinito universo literario.

(Na Cidade da Mitra, si, onde se encontra ese Real Seminario de Santa Catalina que para el foi, en todos os sentidos, tan importante.) Paréceme imprescindible que neste 2011, cando se celebra o centenario do nacemento de Cunqueiro, o Seminario reivindique, en voz ben alta, o protagonismo que lle corresponde no que atinxe á formación de don Álvaro como escritor. Como un dos máis grandes mestres -ninguén se esqueza- da literatura do século XX.

E non faltará, Deus sexa loado, quen fale disto con bastante maior autoridade ca min, que non teño ningunha. Mais, así e todo, non quero deixar de dicir hoxe que se non existise o Real Seminario de Santa Catalina probablemente tampouco Cunqueiro tería sido quen foi. Ou, por dicilo mellor, quen segue sendo e quen será para sempre. Creo firmemente que os mortos están con Noso Señor... ou non estan en parte ningunha. Pero, ao mesmo tempo, creo tamén, como unha desas avosas rezadoras das que case vimos todos nesta Última das Bretañas Posibles, as velliñas das que don Álvaro falaba con verdadeira veneración, que arredor nosa está sempre o misterio. Un misterio que entre os seus habitantes ten todas esas estrañas sombras, unhas veces feitas de néboa e outras da carne da melancolía simplemente, pero en calquera caso tan literarias elas, que son coma espellos doutro tempo. E a min ocórreme que, sempre que volvo ao Seminario, onde sempre atopo a paz e os libros, creo ver a sombra de Don Álvaro lendo e tomando notas na biblioteca.

(En fin, non me fagades moito caso; se cadra, só son cousas que se lle meten a un na cabeza.)

Ramón Loureiro
da Academia de San Rosendo

MIS RECUERDOS DE ALVARO CUNQUEIRO

El que se limitase a contemplar la figura alta, esbelta, aguerrida de Cunqueiro paseando por las calles de Mondoñedo o dirigiéndose a cualquier punto de la ciudad, pudiera imaginarse que se trataba de una persona orgullosa e intratable. Pero el que así pensase se equivocaría diametralmente. Cunqueiro era un hombre sencillo, afable, acogedor. De ahí que yo haya podido tener con él cierta relación. No que pueda orgullecerme de haber tenido con el amistad -la amistad requiera algo más íntimo- pero sí un cierto trato de tú a tú. Yo no soy dado a empezar el trato con una persona; por eso, si teníamos ese cierto trato, era no mérito mío, sino condescendencia suya.

Y una prueba de esa condescendencia hacia mi la pone el manifiesto el hecho de que un día me ofreciese un libro, cuya lectura creía él que podría agradarme. Se trataba de una obra del gran pensador francés Paul Claudel, titulada Presencia y profecía. Efectivamente, la lectura me resultó muy atrayente y provechosa. En aquel entonces estaba yo trabajando en las oficinas de la Secretaría del Obispado. Como es bien sabido, en las oficinas unos días tiene el oficinista un trabajo que no te deja un minuto libre; pero otros días, a veces, puedes permitirte el lujo de dedicar unos minutos a la lectura. Y eso era lo que me sucedía y por eso aprovechaba ciertos momentos para engolfarme en la lectura del libro. Pero he aquí que un día, cuando quise echar mano al libro, no lo encontré. Busqué por todas las esquinas, pero la búsqueda fue inútil. Entonces me puse en contacto con diversas librerías y editoriales y no pude conseguir un ejemplar del libro para poder devolvérselo a D. Álvaro. El libro estaba publicado en la Argentina, por eso no aparecía en las librerías normales. Pasaban los días y los meses y yo no podía devolverle el libro. Llegué a autoconvencerme de que Cunqueiro se había olvidado ya del libro. Pero, cuál fue mi sorpresa cuando un día que nos encontramos por la calle, me dice: "¿Me podría dejar el libro un momento, simplemente para tomar una nota? Inmediatamente se lo vuelvo a dejar". Yo, todo confundido, no tuve más remedio que confesarle todo lo que había sucedido. Me contesta

todo tranquilo: "No se preocupe, yo tengo modo de hacerme con él". La verdad es que no volví a saber más del libro. Este incidente habla mucho a favor de D. Álvaro, de su generosidad y de su condescendencia.

Otro motivo me puso también en contacto con el eximio escritor mindoniense. Don Francisco Fanego daba clase particular de Latín al hijo de Cunqueiro, César, y a su primo, el hijo de Cabanela. Miguel. Pero he aquí que, cuando se acercaban los exámenes, que entonces

hacía por libre Lugo, se enfermó D. Francisco Fanego. En D. Álvaro se para pedirme clase unos días exámenes. Me idea de que al que quería con Francisco no obstante, clase no sé si días. Muy pocos. Pues bien, se limitó a darme unos libros, del célebre por cierto,



en el Instituto de San José de Lugo, se enfermó D. Francisco Fanego. En esta coyuntura acercó a mí que les diese antes de los exámenes un libro que me abrumaba la idea de que alguien pensase en pedirme clase con D. Francisco Fanego; pero, acepté y les di tres o cuatro libros ciertamente. Cunqueiro no me las gracias, vió el regalo de otro autor francés llamado Daniel

Rops, *Jesus et son temps* e *Histoire Sainte*. Otro detalle que habla de la generosidad del prestigioso fabulador.

No creo revelar ningún secreto -lo oí en público hace no muchos días en una conferencia- si digo que D. Álvaro obsequiaba todas las Navidades con una tarta de Mondoñedo, elaborada por las exquisitas manos de su hermana Carmiña, a D. Manuel Fraga y que la dedicatoria la redactaba en Latín todos los años D. Francisco Fanego. En las Navidades que siguieron al fallecimiento del ilustre latinista, D. Álvaro se dirigió a mí para pedirme que la hiciese la dedicatoria. No pude

resistirme; pero, cuando yo andaba pensando cómo se podía decir tarta en latín, hallé la solución y me vi libre de un enorme peso, porque él mismo volvió a verme para decirme que ya tenía la solución. Fue tal mi alegría, que ni siquiera le pregunté cómo lo había logrado.

Allá por los años 1967-1968 Cunqueiro fue invitado por el entonces famoso periodista Emilio Romero a dar una conferencia en la sede de su periódico. Por aquellas fechas yo también me encontraba por Madrid y, ni que decir tiene, que me dirigí al local de la conferencia para escuchar su maravilloso decir. Y, antes o después de su intervención -eso no lo recuerdo-, tuve la suerte de poder charlar con él unos minutos, aunque breves. Lo que si recuerdo es que la primera parte de su conferencia para mi resultó mágica, fantástica, como él sabía hacerlo como nadie. La segunda, en cambio, fue más bien histórica: Las famosas controversias de los ritos en la China del siglo XVIII. Y yo me quedé como viendo visiones pensando: si la segunda parte estaba dentro de la historia que yo en parte conocía, la primera también tendría un fondo histórico o metahistórico...!

Ni que decir tiene que, cuando le concedieron el premio Nadal, estando yo todavía por la capital de España, le puse un telegrama todo alborozado, en el que le decía, como repitieron los días siguientes la mayoría de los rotativos, que el Nadal no era un honor para Cunqueiro sino, más bien, un honor que Cunqueiro para el Nadal.

Una de las últimas conversaciones que sostuve con el mago de la pluma fue en Santiago con ocasión del entierro del Cardenal D. Fernando Quiroga Palacios en diciembre de 1971. Desde Vigo se trasladó a Santiago para asistir a su sepelio. Quizá asistió a la ceremonia como detalle de gratitud al que, en sus tiempos de obispo de Mondoñedo, se había interesado en solucionar el problema de su matrimonio. Y allí, mientras esperábamos la salida del cadáver, charlamos largo rato, dejando él a un lado sus compañeros de viaje para detenerse conmigo. Recuerdo que entre los temas de conversación figuró el de su preocupación por la suerte de su hijo menor Álvaro, que en aquella fecha se encontraba por New York.

Desde entonces no recuerdo más entrevistas con D.Álvaro. No sé si esto se debió a que él venía con menos frecuencia a Mondoñedo o a que yo estaba menos tiempo en la ciudad del Masma. De mi época de presidente de la Fundación Álvaro Cunqueiro y Mora prefiero no hablar. Nada fue lo que supe hacer y menos lo que pude realizar para el engrandecimiento de la figura de Cunqueiro y para el mantenimiento vivo de su recuerdo, fuera de las tres visitas que los miembros de la dicha Fundación hicimos al presidente de la Xunta de Galicia a fin de conseguir fondos para la construcción del edificio y de poner en marcha su funcionamiento.

Enrique Cal Pardo



No Casino de Mondoñedo en 1929

OS CRONISTAS DA CIDADE DE MONDOÑEDO

A figura do cronista.

O cronista é a persoa que escribe crónicas. En termos mais amplos é un escritor que compila e redacta feitos históricos ou de actualidade.

Na nosa Galiza o cargo de Cronista Oficial do Reino de Galiza data de 1654. Con anterioridade a esta data varios foron os intentos de ocupar este cargo (Alvaro Cadaval Valladares de Sotomayor) pero ningún deles tivo éxito.

O primeiro cronista foi Frei Felipe de Gándara, despois veu Francisco Manuel de Huerta e Vega e o derradeiro Manuel Murguía. Houbo algún cronista honorificamente caso de Andrés Martínez Salazar, Ramón Otero Pedrayo...

Mondoñedo e o seu cronista.

Na nosa cidade o primeiro intento de contar con Cronista Oficial foi por iniciativa da «Revista Galicia Diplomática» a finais do século XIX, o cal propuxo que se nomease como cronista honorario de Mondoñedo a **Victor Silva Posada**. Este rexeitou o cargo nunha carta que se publica na mesma revista.

Teremos que esperar ata o ano 1917, cando en sesión do Concello se nomea a Eduardo Lence-Santar, daquela arquiteiro municipal, como Cronista oficial de Mondoñedo.

Víctor Silva Posada.

Aínda que non ocupou o cargo oficialmente, debemos consideralo como o primeiro cronista polos numerosos traballos e artigos sobre Mondoñedo nos xornais, e revistas da súa época.

Víctor Silva, era fillo dunha familia nobre. Foi colaborador de «El Hermandino», redactor de «La Juventud» «El Reparador», xornais que viron a luz en Mondoñedo.

Foi tamén colaborador literario do «Diario da Lugo», «La Mañana» da Cruña e da revista de Antigüidades «Galicia Diplomática», «La Voz de Galicia», «El Regional» «El Diario de Pontevedra», «El Lucense», El Eco de Vivero...

Moitos dos seus traballos foron reproducidos en xornais de Madrid, A Habana, Bos Aires e Montevideo.

Entre os moitos traballos destaca o «Episcopologio Mindoniense» que ía publicarse na «Revista Diplomática».

Mantén boa relación e correspondencia cos mais distinguidos escritores da época, cabe destacar a súa amizade con Emilia Pardo Bazán, a cal dixo del «el empezaba por onde otros terminaban».

A partir de 1895 a súa produción literaria e histórica vai decaendo, hasta retirarse da vida pública.

Fina o domingo 27 de Nadal de 1925.

Eduardo Lence-Santar e Guitián

Nace o 16 de xullo de 1876, na confluencia entre a rúa Batitales e praza de Nosa Señora da Peña de Francia. Era fillo de Agustín Lence e da mestra Josefa Guitián. Os seus primeiros anos de vida pasounos en Portomarín e Sarria, voltando para Mondoñedo en 1901.

As súas primeiras colaboracións xornalísticas escomezan en 1903 no xornal mindoniense, «La Voz de Mondoñedo» con artigos como «Un artista mindoniense», «San Martín de Mondoñedo»... Nos primeiros anos firma como Eduardo Lence Guitián.

O 12 de Xaneiro de 1906 foi nomeado «miembro en clase de correspondiente de la Academia Gallega».

Por esa época as súas colaboracións extendense por numerosos xornais e revistas de ámbito galego, nacional e internacional.

En Setembro de 1907 o «Eco de Galicia» de Bos Aires, publica o retrato de D. Eduardo Lence e un fermoso conto en galego.

No ano 1909, por iniciativa do bispo Juan José Solís, forma parte do comité mindoniense para a Exposición Rexional de Santiago.

En 1911 foi nomeado Oficial de Estadística co soldo anual de 1.500 pesetas, con destino a Lugo. Este traballo foille logrado polo deputado do distrito, D. Avelino Montero Villegas, parente do Sr. Lence.

Con carácter interino, en xuño de 1912, foi nomeado aspirante de segunda clase da secretaría da Audiencia da Coruña. Por esta época Don Eduardo xa utilizaba o apelido Lence-Santar.

Durante estes anos e incesante a publicación de libros históricos sobre Mondoñedo: El Santuario de los Remedios de Mondoñedo (1909), El Seminario de Mondoñedo (1909), El Convento de la Concepción de Mondoñedo (1910), El Convento de Villanueva de Lorenzana y San Francisco de Vivero (1910)....

No ano 1917, era arquivero no concello de Mondoñedo. En sesión supletoria do 25 de Abril de 1917, no mencionado concello, con asistencia dos señores, Ramón Martínez González, alcalde, Dodolino Trigo, Antonio Pedreira e Antonio Febrero, acordan o seguinte: « En vista de las condiciones que concurren en el Archivero de este Ayuntamiento, don Eduardo Lence-Santar y Guitián, cuyos trabajos sobre asuntos de este Municipio han contribuido a difundir su historia, desconocida en gran parte, sus señorías acuerdan nombrarle «Cronista de esta ciudad».

En 1919, abandona Mondoñedo, marcha traballar a Lourinzan (Pontevedra), sendo a súa estancia alí moi corta, pois no ano 1921, atopase como encargado polo concello de Mondoñedo para confeccionar o rexistro fiscal de edificios e solares, traballo que non puido finalizar pois ó tomar posesión un novo alcalde mandou desaloxar o local onde estaban ordenados e coleccionadas as follas.

En maio dese mesmo ano constitúese en Mondoñedo un Colexio de Segunda Enseñanza, pasando a formar parte do profesorado.

O 13 de Maio no circulo de Estudios Sociais, deu unha charla sobre «Orígen definición y santidad del trabajo».

Neste ano da a coñecer unha poesía inédita de Leiras Pulpeiro.

No Eco de Galicia do dez de agosto de mil novecentos vintedous, o seu querido amigo Rafael Martínez Gómez, adícalle unha poesía:

PENSANDO.

A mi amigo del alma

Eduardo Lence.

Sucédense las horas a las horas
los días a los días:
al sol camivalar
La nieve fría...

Sigue a la juventud la vida triste
de la vejez marchita:
a la ciencia, la ciencia
y a una vida, otra vida...

¡Oh sueños de los hombres!
¡Placeres!...¡Alegrías!...
Seguirán los dolores vuestras huellas
¡vana ilusión de un día!

Rafael Martínez Gómez.
Mondoñedo, 1922.

En 1925, atopámolo traballando como Comisario de Entradas do Gran Hospital de Santiago. Alí ten acceso a os grandes arquivos de Santiago, e da a coñecer numerosas noticias históricas da seu querido Mondoñedo.

No ano 1926 o «Instituto Histórico do Minho», anexo a la Academia de Ciencias de Portugal do que era presidente o escritor Silva Campos, o nomea Academico Correspondente. Tan fixo o ingreso no «Seminario de Estudios Galegos». O traballo que leeo o erudito historiador mindoniense versou sobre «La Santa Hermandad de Galicia». A finais deste ano visita Mondoñedo. Por esa época a súa nai atópase enferma, polo que volve a Mondoñedo en xaneiro do 27, por haber recaído a nai da súa enfermidade. Josefa Guitián morre o 29 de Marzo.

O concello de Mellid, en 1928 acorda imprimir nos talleres do Centro Social de Mondoñedo, o folleto «La Obra Pía de San Antonio de Mellid».

En 1929, foi expulsado do seu posto de Comisario do Hospital de Santiago, polo que inicia preito contra a Diputación da Coruña. A resolución foi favorable a Don Eduardo.

Por estas mesmas datas a Editorial «P.P.K.O» de Vigo, publica o libro «Lugo y su Provincia». Don Eduardo colabora con varios artigos.

O 9 de Febreiro de 1932, morre o seu pai, Agustin Lence-Santar, a idade de 79 anos.

No mes de xuño, inflamaselle unha vena da perna esquerda, polo que Don Eduardo estivo postrado dous meses na cama.

Da súas letras sae a idea de conmemorar o segundo centenario da Construcción do Santuario dos Remedios. Por todo elo o bispo da diócesis nomeao vocal da dita cofradía. O nomeamento di así:

«Teniendo en cuanta las circunstancias que en V. concurren y especialmente su filial amor y acendrada devoción a nuestra Excelsa Madre y Patrona la Santísima Virgen de los Remedios, por el presente nombramos a V. Vocal de la Cofradía de Nuestra Señora de los Remedios, canónicamente erigido en su Santuario e Iglesia Parroquial de esta ciudad de Mondoñedo, esperando de su diligencia y celo el más fiel y fructuoso desempeño de este cometido, para mayor gloria de Dios y de su Madre Santísima y Santificación y salvación de las almas».

Co galo de haberse celebrado a Festa do Arbore, e como homenaxe ó rexidor Luís de Luaces, publícase un xornal, Mondoñedo. E un número monográfico adicado a Luís de Luaces. Ano 1940.

En 1944 ve a luz o seu traballo «El Licenciado Molina y su descripción del Reino de Galicia». Neste mesmo ano foi nomeado auxiliar interino da Escola de Artes e Oficios de Mondoñedo. Encargouse da cultura xeral e nocións de Art.

Don Eduardo Lence-Santar, en 1946 solicita públicamente ó concello de Mondoñedo se nomease a Ramón Ferreiro Rodríguez, a quen se lle debía a creación da Escola de Artes e Oficios Artísticos, fillo adoptivo desta cidade.

En Setembro de 1949, encomenza a ser recoñecida a súa labor como historiador, pois o Excmo. Sr. Ministro de Educación Nacional, concedelle a «Encomienda de la Orden de Alfonso X el Sabio».

Por tal motivo o escritor mindoniense recibe numerosas probas de afecto.

O día 11 de Xuño de 1951, no salón de Actos do Concello de Mondoñedo, recibe de mans do Alcalde, Alejo Barja, as insignias de «Alfonso X o sabio».

O alcalde pronunciou un emotivo discurso destacando a personalidade e o seu amor a Mondoñedo de Don Eduardo.

As últimas publicacións que leva a cabo son: «Paginas Históricas Gallegas. Los Grémios de Mondoñedo. (Este libro naceu a partir dunha charla que impartiu no Instituto), Mondoñedo y el Arbolado (1954) e o derradeiro traballo que deu o prelo foi «Hijos ilustres de la antigua provincia de Mondoñedo: don Victor José María de Silva y Gutiérrez, natural de Mondoñedo y don Juan Pérez Villaronte, natural de Ribadeo, iniciadores del Batallón Literario de Santiago en la Guerra de la Independencia».

En 1956 sofre un forte achaque a súa saúde.

Chegando o fin da súa vida un 14 de xaneiro de 1960. Recibindo sepultura no segundo bloque de nichos, na cuarta columna a rendes do chan (verbas de Xé Freire). Na parte superior do cemiterio, na zona dos panteóns.

ALVARO CUNQUEIRO MORA.

Nado en Mondoñedo o 22 de Nadal de 1911, Fillo de Don Xoaquín Cunqueiro, boticario e Doña Pepita Mora. Estudou o Bacherelato en Lugo e de alí a Santiago en onde encomeza a carreira de Filosofía e Letras, estudos que abandonou polo xornalismo. Na década dos anos trinta funda en Mondoñedo a revista Galiza, en compañía de Xosé Díaz Jacome, Fernández del Riego, Bernardino Vidarte...

O 11 de febreiro de 1933, ás sete da tarde, celebrouse no «Principal Cinema» un mitin de propaganda do Estatuto no que tomou parte Cunqueiro, Fernández del Riego e Vilar Ponte, conselleiros do Partido Galeguista e os deputados ás Cortes Constituintes do mesmo partido Suarez Picallo, e Castelao.

A presentación do acto correo a cargo de Alvaro Cunqueiro.

Destes anos son libros de poemas en galego: «Mar ao Norde», «Poemas do si e non» e «Cantiga Nova que se chama Riveira».

Coa chegada da guerra civil, a familia de Cunqueiro ten medo pola súa vida, (militancia no partido galeguista), iso leva a Alvaro a Ortigueira, para ocupar o cargo de mestre dunha academia. Alí colabora co semanario «Era Azul». De alí parte para Vigo onde traballa en «El Pueblo Gallego». Pasando logo por distintos xornais de ambito nacional, «La Voz de España», «Vertice», «ABC»...


Destes anos son os libros «La Historia del pasado» e «San

Debido a co embaixador Xeral de Prensa xornalista.

Este motivo a súa cidade, para subsistir artigos e xornais de Vigo, Madrid... Durante constantes as loitas contracrónicas del Lence-Santar.

En 1955

O tres de febreiro de mil novecentos sesenta, por falecemento de D. Eduardo Lence-Santar, ten lugar a entrada dunha carta, firmada por José María Castroviejo Blanco-Ciceron, Valentín Paz-Andrade, Emilio Alvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego, Francisco Leal Insua, José Díaz Jácome, Bernardo F. Castro Pérez, Alberto Casal Rivas y Celso Emilio Ferreiro.



Solicitud de Cunqueiro (1)

época son os libros Caballero Rafael, damas del tiempo Gonzalo.

algúns problemas francés, o director quítalle o carnet de

fai que Alvaro volva Mondoñedo, onde adicase a publicar colaboracións en Cruña, Lugo, estes anos son en crónicas en con Eduardo

veu a luz «Merlín e familia».

O 17 do mesmo nova petición a cargo de: E. F. Valle, J. L. López Cid, M. Prego, Manuel L. Acuña, C. de Santiago, Vicente Risco, Otero Pedrayo e Antonio Failde.

Nas mesmas datas houbo unha petición a cargo de: D. Jesús Pedrosa Latas, José Tuñas Bouzón, Purificación de Cora, José Traperero Pardo, Alejandro Armesto, Liborio García, Julio Perez de Guerra, Luís Quintela Ferreiro, Froilan López, Celestino Fernández de la Vega, Anxel Fole, Manuel María, Angel Johan, Antonio Carvajal, Avelino Pousada, José Iglesias Presa, Narciso Peinado, Ricardo Carvallo Rosón Pérez e José


En carta do solicita do concello de Cronista de «Ilmo. Sr. del Excmo. Mondoñedo.

Ilmo. Sr.:

El que Cunqueiro Mora, esta ciudad, expone:

Que, como dedicado largos años a ciudad natal; la historia trabajos y los días de

en sus artículos, en sus libros y en sus poemas, un importante lugar. Que considera un alto honor esta ciudadanía mindoniense, a la que ha querido dar rango literario y que nada le satisface más que verse citado en libros, y en las más diversas publicaciones, incluso extranjeras, como mindoniense. Que quiere contar la vida presente de su ciudad sus fastos y sus labores glorificando en la módica de sus fuerzas la urbe que le vió nacer.



Solicitud de Cunqueiro (2)

Calero, Antonio Iglesias Díaz.

22 de Marzo, Mondoñedo o cargo Mondoñedo, esta día: Alcalde-Presidente Ayuntamiento de

suscribe, Alvaro natural y vecino de respectuosamente

escritor y poeta ha hacer el elogio de su y las bellezas, los su ciudad ocupan, en

Por ello, vacante por fallecimiento de don Eduardo Lence-Santar y Guitián que gloria haya, el cargo de cronista de la Ciudad.

Suplica le sea concedido el honor de ostentar sin título, solicitado con humildad, pero con fervoroso amor a Mondoñedo. Y hace constar que lo solicita a título gracioso, sin derecho de ninguna clase y comprometiéndose a llevar las obligaciones que se digan anejas al cargo de Cronista Oficial de Mondoñedo.

Con la más rendidas gracias por la consideración que esta solicitud puede merecerle a V. I. y a la Excma. Corporación que tan dignamente preside.

Que Dios guarde la vida de V. I. muchos años. . . .

En sesión ordinario do Concello de Mondoñedo de 28 de Marzo de 1960, acorda nomear por unanimidade Cronista Oficial de Mondoñedo a D. Alvaro Cunqueiro Mora.

O 21 de Abril de 1963, ten lugar o acto de entrada na Real Academia Galega, este tivo lugar na Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo, ocupou a vacante de Ramón Cabanillas.

Dende o ano 1965 ata o 1970 permanece o frente do Faro de Vigo.

En 1969 acadou o Premio Nadal 1968, coa súa obra «Un hombre que se parecía a Orestes».

En 1980 foi nomeado doctor «Honoris Causa», pola Universidade de Santiago.

Morre o 29 de Febreiro de 1981.

Uns días antes de do seu finamento a Real Academia Galega acordou solicitar a Real Academia Sueca a consideración da obra de Alvaro Cunqueiro de cara a concesión do Nobel.

XOSÉ DÍAZ XÁCOME.

Nado o dezasete de Abril de 1910 no barrio dos Muiños. Era fillo de Manuel Díaz e de Encarnación Jácome. Estudía as súas primeiras letras co crego Don Francisco Martínez, na escola dos Muiños.

As súas primeiras composicións ven a luz en «La Voz de Mondoñedo» e «Vallibria» xornais mindonienses.

En Pleno celebrado o 13 de Abril de 1981, a proposta do concelleiro D. Armando González Alvarez, de nomear a Xosé Díaz Xácome como Cronista o Concello acorda:»... Considerando que el Sr. Díaz Jácome es un hijo ejemplar y predilecto de Mondoñedo, por el amor que le profesa, los trabajos que ha dedicado a él y dedica y la exaltación constante de su historia y bellezas, siendo además miembro correspondiente de la Real Academia Gallega; la Corporación municipal, por unanimidad acordó nombrar al mismo Cronista Oficial de Mondoñedo, como digno sucesor de Don Alvaro Cunqueiro Mora (QEPD).»

A Editorial Galaxia en 1983, dentro da colección «Dumbate», publicalle o libro en galego «Muiño Fidel».

Foi socio fundador da Asociación de Amigos de Mondoñedo, e un dos artífices do xornal «Mondoñedo»

No ano 1996 a xunta de Galiza, concedeulle a Medalla Castelao.

Fina o 6 de Setembro do ano 1998, na Cruña sendo soterrado no Cemiterio Municipal de Mondoñedo.

FRANCISCO MAYÁN FERNÁNDEZ.

Naceu o 30 de Setembro de 1916 en Cee. Os primeiros estudos realizaos no colexio gratuito instituto fundación ceense Fernando Blanco de Lema. En 1929 aproba o examen de ingreso na Bacharelato no Instituto de Noia. E no 1934 obtén o título de Bachiller no Instituto de a Cruña. Logo matriculase na facultade de Filosofía e letras (sección de Historia) e en xuño de 1935, aproba o «Examen de Conjuntos».

A media carreira e nomeado profesor de Xeografía e Historia no colexio «Fernando Blanco» de Cee.

Obtén sobresaliente no exame final de reválida, que comprende toda a carreira de Historia. Previos os exercicios correspondentes en Santiago concédennle o premio extraordinario en Historia.

En 1940 obtivo o título de doutor en Filosofía e Letras na Universidade de Madrid. No ano 1944 é nomeado Becario do Instituto Balmes de Socioloxía do Consello Superior de Investigacións Científicas de Madrid. Este mesmo ano é nomeado Académico correspondente da Real Academia Galega.

Exerce como director do colexio municipal de ensino medio de Villablino (León) entre 1946 e 1953. Neste ano pasa a Mondoñedo para dirixir o centro de ensinanza media. Foi o primeiro director, ocupando o cargo hasta 1985 en que se xubilou.

O primeiro libro que publicou foi «Los franceses en Cee» (1941).

En 1960, concedéuselle a «Cruz de la Orden Civil de Alfonso X el Sabio».

No ano 1962 ve a luz o libro «El Mariscal Pardo de Cela, a la luz de nueva documentación histórica».

Por estes anos ocupa o cargo de Alcalde de Mondoñedo e encargado das escavacións arqueolóxicas que se fixeron diante da Catedral de Mondoñedo.

Moitas son ás colaboracións que fai en distintos xornais: El Progreso de Lugo, El Ideal Gallego, Finisterre, Cartel e Alfar...

Durante a súa etapa o frente do Instituto San Rosendo de Mondoñedo, funda e dirixe un xornal, chamado Mondoñedo, moitos dos colaboradores eran alumnos do propio centro. O mesmo tempo cunha imprentiña que tiña alí publican varios folletos: «San Rosendo», «Villamor», «Manifiesto Historico del Obispo Sarmiento»...

En 1975 ve a luz o libro «Breve guía Histórico-artística de Mondoñedo (Lugo-1975).

As súas obras cumbres son «Manoel Ledo Bermudez, o pallarego» (1991), Historia de Mondoñedo, desde sus orígenes hasta 1833, en que dejó de ser capital de provincia (Lugo 1994) e «Trajano o El cumplimiento del deber» (Lugo 1999)

No ano 2001, coincidindo co 125 anos do nacemento de Eduardo Lence-Santar, foi nomeado Cronista Oficial da cidade de Mondoñedo.

Os últimos tempos estaba a traballar nunha biografía de Oswaldo Codina, médico-militar fillo predilecto de Mondoñedo.

Fina en Lugo o 5 de Setembro de 1910 en Lugo á idade de noventa e tres anos. Os seus restos descansan na súa vila natal de Cee.

ISIDRO FERNÁNDEZ VILLABA

A FE DE CUNQUEIRO

Félix Villares Mouteira

O trece decembro de 1980 -poucos meses antes do seu pasamento-, o semanario católico "*Vida Nueva*" publicaba no número 1.256 unha longa entrevista que María Luisa Brey mantivera con Alvaro Cunqueiro. O que o autor de *Merlín e familia* di nesa conversa pode darnos luz para facer unha pequena radiografía da súa fe relixiosa.

Cunqueiro amósase coma un home de fe -"*Mi fe es coma la de una de esas viejas que están acurrucadas junto al altar rezando*"- e con gran confianza na oración cando di: "*Soy un hombre esencialmente religioso. Creo en Dios, en la Iglesia, en el culto de los santos, creo en los poderes auxiliares y creo sobre todo en el enorme poder de la oración. Creo que cuando un hombre reza convoca fuerzas de las que no tenemos ni idea. No hay hombre más feliz ni más dueño del mundo y de sí mismo que el hombre que humildemente se arrodilla y reza. Yo soy un gran rezador*".

Á pregunta de se a imaxinación lle serviu para sintonizar co mundo relixioso, o gran fabulador mindoniense contestou: «*Yo pienso que sí, que me ha ayudado mucho. No creo racionalmente. La imaginación me ha sido útil en el sentido de que ayuda a aceptar los milagros, a estar dentro del misterio y vivirlo con naturalidad. Por otro lado, nunca se me olvida aquello que dijo Lord Dunsany: 'Imaginación es santidad'. A mi la religión no me parece absurda. Todo me parece normal. No puedo decir tan lógico, pero sí puedo decir tan proporcionado, tan justo. Yo encuentro espléndido aquello de 'es justo y necesario' que decimos en el Canon de la Misa. Sí, es justo y necesario, es bueno y hermoso que esto sea así*».

O preguntarlle por unha definición persoal de Deus, di: "*Es la primera vez en la vida que me preguntan eso y que a mí se me presenta el problema de dar una respuesta. Quizás, si tuviera que*

encontrarla, más que en el terreno del poder y de la gloria, la encontraría en el terreno de la amistad, de la ayuda, del consejo, de la confianza".

Se miramos a obra do gran fabulador mindoniense dun xeito superficial, mesmo chegamos a pensar ou deducir que a súa obra escrita é unha obra laica no senso de que os valores transcendentales e aínda relixiosos non aparecen nela dun modo claro. Pero realmente non é así. El mesmo o afirma cando di: "*Dios quizás no aparezca en mi obra de un modo nítido. No me he planteado nunca el problema de escribir una novela, cuento, etc., con fondo religioso, pero creo que en ella está patente que soy un gran creador*".

A fe de Cunqueiro é unha fe ilustrada e así confesa que don Xacinto Argaya, bispo de Monforte-Ferrol, con quen daba longos paseos e tiña frecuentes conversacións teolóxicas, estaba sorprendido de que lese a Barth, a Teilhard, a Küng, a Guardini... Decía que a este último lérao por influencia de Vicente Risco xa que "*En uno de sus ensayos decía que, por aquel entonces, no había en la Universidad de Berlín más que dos o tres personas importantes, y una de ellas era Romano Guardini. Por eso, la primera vez que vi un libro suyo, lo leí, y ahora tengo prácticamente toda su obra*".

Cunqueiro engade que é un home moi tradicional, aínda que non se considera preconciliar. Di que o máis o molesta é a tendencia de moita xente a desprenderse da simboloxía e do misterio. "*El Cristianismo es una religión de símbolos y de misterios, y todo lo que sea destruir esto me molesta profundamente*".

Respecto a lingua galega na liturxia, o noso escritor di: "*Me agrada mucho que mi lengua gallega esté hoy en la liturgia. Probablemente, si en mi mano estuviera, la Iglesia no tendría más lengua que el latín, pero si otras lenguas entran en la liturgia, la gallega debe hacerlo también plenamente. Según un poeta medieval, amigo de Mistral, el día de Pentecostés los apóstoles hablaron todas las lenguas, las que hubo, las que había en aquel momento y todas las que iba a haber en el futuro. El decía que algún apóstol hablaría*

entonces en la lengua de Oc, y yo me imagino que alguno lo haría también en la lengua gallega...".

Cunqueiro sente un agarimo especial pola espiritualidade franciscana e polo seu espírito. Por iso, cando M^a Luisa Brey lle pregunta «¿San Ignacio de Loyola o San Francisco de Asís?», Alvaro Cunqueiro non dubida en constestar: «*Siempre fuí muy franciscanista, y he escrito muchas cosas sobre el Poberello. Por temperamento, le tengo una enorme simpatía. Me gusta San Francisco porque me gusta la humildad y la fraternidad con las cosas. No sólo con la gente, sino con los objetos más insignificantes. Propendo a tener amistad incluso con unas tijeras. Teniendo como tuve -y tengo- una gran simpatía por la Compañía de Jesús, me quedo con el Poberello por temperamento, por condición, por afinidades intelectuales*».

Coido que tamén son unha mostra do Cunqueiro crente as palabras que pronunciou na homenaxe que lle tributaron en Vigo o vinte e cinco de abril de 1980: «*Pero eu penso que tería que dar gracias a unhas instancias máis altas. Tería que dar as gracias a El Señor. Loubado seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facer home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia, neste grande reino do Fisterre, que vai desde os montes astra o mar onde brillan os pés do vento, a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das perigrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso, eternamente verde, patria querida, a terra no senso barresiano: a patria sona terra e os mortos. Gracias a Deus por este reino.*

Loubado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por haberme ensinado a decir «rula» e «abidueira» e «dorna» e «ponte» e «fonte», e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte». (...)

«*Tamén teño que dar gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós, por haber nacido no voso tempo e ser amigo voso; gracias por tanta xenerosidade que tivéstedes e tendes conmigo*».

Por último, cando lle entregaron o Pedrón de Ouro o vinte e cin-

co de maio de mil novecientos oitenta, no discurso volve a dar grazas a Deus: «*Teño que dar grazas a Deus, porque me permitiu vivir ó mesmo tempo que vivides vós, e recibir esta compañía de vós. E teño que dar grazas a Deus, e moito máis neste día de Pentecostés, neste día do vento e do lume, que decía tan fermosamente o crego na Misa de Santiago de Padrón, neste día das linguas teño que darlle grazas a Deus de haberme dado o don da lingua nosa, de haberme permitido vivir na casa da nosa lingua, de haberme permitido encender o lume na lareira da casa da lingua galega*».

A miña conclusión é que Álvaro Cunqueiro foi un home de fe, un home crente, feito este que configurou a súa personalidade.



Diante da Catedral, antes da reforma da Praza, cando tiña o adro.

colaboraron

Xaquín Marín
Enrique Cal Pardo
Ramón Loureiro
Isidro Fernández Villalba
Félix Villares Mouteira



de 1º de ESO

Braulio Casabella Amieiro
Jacobó Chao Lombardero
Juan José Montouto Chavez



de 2º de ESO

Adrián Carballeira Montenegro

de 3º de ESO

Bruno Esteves Fernández
Xairo Formoso Pena
David Otero López



de 4º de ESO



David Machado Montero
Alvaro Barrera Rubiños
Miguel Angel Rubal Palacios
Guillermo Rubal Pombo

Debuxou a tapa:

Xaquín Marín

ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE «AMENCER»

Socios protectores:

ACADEMIA
A *Mariña*

Avda. Arcadio Pardiñas, 44

27880 BURELA (Lugo)

Tfn.: 982585098 - Fax: 982 57 51 01

www.amarina.org

HOTEL * Vila do Val**

Plaza Sta. María, 2 - 27770 Ferreira do Valadouro (Lugo)

Tfn. / Fax : 982 57 16 53

info@hotelviladoval.com - www.hotelviladoval.com

*maís de 100 anos
o seu servíció!*

A
La Alianza
confitería

Progreso, 22. Telf: 982 52 11 00
MONDOÑEDO tel. 9857426

A ELABORACIÓNS ARTESANAIS

Oriente

ESPERÁMOLOS NAS NOSAS TENDAS:

CORTINAS - HOGAR:

**Camiño Real, 53
Tfno.: 982 245 354
27004 LUGO**

**Campo de Puente, 11
Tfno.: 982 512 829
27800 VILALBA**

ALFOMBRAS:

**Camiño Real, 37
Tfno.: 982 221 272
27004 LUGO**

PINTURAS E DECORACION:

**Curros Enríquez, 40
Tfno.: 982 245 354
27004 LUGO**



CONGELADOS TROULO, S.A.

Polígono Industrial de Rábade, F-1, P-12
27.370 - Rábade (Lugo)

Luisa Fernández Leirado
Responsable Comercial

Tel: 982-39-20-08

Fax: 982-39-22-97

Móvil: 677-583-061

e_mail: luisafernandez@troulo.es



Montajes Eléctricos Alfonso, S.L.

INSTALACIONES ELÉCTRICAS - SISTEMAS CONTRA INCENDIOS
PORTEROS Y VIDEOPORTEROS - MANTENIMIENTOS INDUSTRIALES
SONIDO Y LUMINOTECNIA - HILO MUSICAL
CALEFACCIÓN TARIFA NOCTURNA- TELECOMUNICACIONES, VOZ Y DATOS

Leiras Pulpeiro, 12

Telfs.: 982 52 18 62 - 679 43 71 68 - Fax: 982 52 13 73

monelalfonso@monelalfonso.com 27740 MONDOÑEDO (Lugo)

HOSPEDAXE "SEMINARIO SANTA CATALINA"

Tlf. 982 521 000
Fax 982 507 080
sestacata@yahoo.es



www.mondonedoferro.org/hospederia

Praza do Seminario, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

A revista **AMENCER** está subvencionada por:



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



El Corte Inglés

* **ÁMBITO cultural**